



## Programación Docente de CORO III-IV

Ensinanzas Superiores de Música Título Superior de Música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

### 1. Identificación e contextualización

#### DISCIPLINA MÚSICA DE CONXUNTO

ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN				ITINERARIO	CANTO, GUITARRA, PIANO, PEDAGOXÍA				
CARÁCTER	B) Obrigatoria				TIPO DE CLASES	Colectiva				
DEPARTAMENTO	MÚSICA DE CÁMARA/ORQUESTRA				XEFE/A DO DEPARTAMENTO	Dna. Cristina García Lomba				
CURSOS	1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	Dna. Cristina García Lomba
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase	1,5
ETCS/ CUADRIMESTRE					1	1			Observacións	
DOCENTES	NOME E APELIDOS				MAIL/TEL/WEB				TITORÍA	
	D. José Antonio Cantal Mariño				toncantal@csmvigo.com				Xoves - 8:30 h.	

### 2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Interpretación do repertorio coral habitual a capella e con orquestra. Desenvolvemento da educación vocal. Afondamento nas capacidades relacionadas coa lectura a primeira vista, a comprensión e resposta ás indicacións do/a director/a e a integración no conxunto.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	Formación e adestramento auditivo e vocal; análise; harmonía e contrapunto; música de cámara; conxunto
TRANSVERSAIS	T7, T9, T10, T13
XERAIS	X2, X3, X4, X7, X8
ESPECÍFICAS	E13, E14, E17, E18, E19, E10, EP3, EP4, EP5, EP8

### 3. Obxectivos

DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Coñecer o funcionamento da voz como instrumento.	T7, T13, X2, X4, E13, E17, EP3
2. Adquirir un correcto manexo da relaxación de forma que permita coñecer e controlar o propio corpo.	T10, X2, X3, X7,
3. Habilitar os mecanismos necesarios para unha correcta respiración como factor imprescindible para o fraseo, enriquecemento tímbrico e capacidade de resistencia da voz.	T7, T9, T13, X2, X3, X8, E14,
4. Adquirir coñecementos de técnica vocal como esixencia fundamental para a interpretación.	T10, X2, X4, X7, E14, E18, E19, EP3, EP4, EP8
5. Adquirir nocións de fonética de diferentes linguas.	T7, T10, T13, X2, X3, E14, E10,
6. Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.	T9, X4, X7, X8, E12, E14, E17, EP4
7. Comprender e responder ás indicacións do director.	T13, X2, X8, E17,
8. Adquirir o hábito de escoita do grupo e integración no conxunto.	T7, T9, X2, X3, X4, E14, E10,
9. Desenvolver a capacidade de comunicación na interpretación do repertorio vocal.	T7, X4, X7, E13, E14, EP5, EP8
10. Acadar un nivel de autoesixencia e valoración que permita perfeccionar cuestións técnicas e interpretativas.	T9, T10, X3, X8, E17, E19, E10

### 4. Contidos

TEMAS	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Aparato de fonación. 2. Recursos vocais básicos. 3. Entonación e lectura a primeira vista. 4. Aprendizaxe do texto. 5. Montaxe das obras de repertorio.	1.1. Aparato respiratorio. 1.2. Aparato de fonación. 1.3. Aparato resoador. 2.1. Desenvolvemento dos recursos vocais básicos. 2.2. Relaxación. 2.3. Respiración. 2.3.2. Técnicas de educación respiratoria. 2.3.2. Respiración consciente, costo-abdominal, pausa ou contención de aire. 2.4. Producción da voz. 2.4.1. Emisión e apoio. 2.4.2. Exercicios de vocalización, impostación, extensión, homoxeneidade. 2.5. Exercicios de articulación e dicción. 3.1. Entoación e lectura a vista. 3.2. Intervalos melódicos. 3.3. Exercicios a dúas, tres e catro voces. 4.1. Fonética. 4.2. Declamación. 4.3. Declamación con ritmo. 5.1. Articulación e fraseo. 5.2. Dinámicas. 5.3. Macro e microtempo. 5.4. Modificacións rítmicas. 5.5. Combinacións de timbre e intensidade.	17

Total de sesións por cuadrimestre 17

## 5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Clases prácticas	25,5		25,5
Audicións	2		2
Traballo persoal		2,5	2,5
Total de horas por cuadrimestre			30

## 6. Avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<b>ORDINARIA</b>			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Con avaliación continua)			
Traballo persoal	Valoración diaria da actitude, evolución e traballo desenvolto polo alumno na clase. (Pode requirirse do alumno a interpretación de fragmentos ou da totalidade das obras durante a súa montaxe).	Todas	40%
Audición	Valoración da aportación do alumno nas audicións ou concertos (de carácter interno ou público) levados a cabo polo colectivo.	Todas	50%
Traballo en conxunto	Realización en octeto ou cuarteto dun exercicio coral a primeira vista.	Todas	10%
* Soamente se fai a ponderación final se o alumno supera todas as partes.			
*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando isto aconteza, o profesor/a da disciplina actuará segundo o protocolo aprobado..			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Convocatoria adiantada-Decembro-)			
Exame	Ver avaliación extraordinaria		
AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*Para alumnado con perda da Avaliación continua)			
Exame	Ver avaliación extraordinaria		
<b>EXTRAORDINARIA</b>			
Exame	1. Interpretación en cuarteto (o alumno será o responsable da súa formación) do repertorio traballado durante o cuadrimestre polo colectivo. 2. Realización en cuarteto dun exercicio coral a primeira vista. (Valorárase o traballo de conxunto, así como cuestións relacionadas coa afinación, técnica vocal, fonética e musicalidade).	Todas	100%

### ERASMUS

Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.

Os/as alumnos/as estranxeiros, participantes en programas de intercambio internacional, serán avaliados igual que os alumnos/as oficiais. No caso de non realizar un curso ou semestre completo, recibirán unha avaliación informativa e unha acreditación das horas lectivas realizadas.

## 7. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberánse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

## 8. Bibliografía, materiais e documentos

Carl Hogset, Técnica vocal. FCNAE  
 Vaccaj, Método práctico de canto. Ricordi.  
 B. Auriol, Introducción a los métodos de relajación.  
 M. Mansion, El estudio del canto. Ricordi.  
 V. Blasco, Manual de técnica vocal: ejercicios prácticos. Naque editora.  
 A. Jacobs, La música coral. Taurus.  
 C. Caballero, Como educar la voz hablada y cantada. Edamex.  
 C. Kühn, Tratado de la forma musical. SpanPress.  
 M Schaffer, Cuando las palabras cantan. Ricordi.  
 A. Schönberg, El estilo y la idea. Taurus.  
 W. Kandinsky, De lo espiritual en el arte. Barral-Labor.